

CORRECCIÓN EJERCICIOS DETERMINANTE E REFORZO

Páxina 71

1.

- *No mes de maio xa comeza a xente a ir á praia.*
- *É a banda sonora dunha película que está agora no cine.*
- *Deixeiche a carón da porta a bolsa cos zapatos dentro.*
- *Agardouno toda a tarde sentada nun banco do parque.*

2.

Contraccións de artigos con preposición: *ao*: a+o (l. 1), *co*: con + o (l. 1), *na*: en+a (l.1), *á*: a+a (l. 2), *dos*: de+os (l. 3), *do*: de+o (l.4), *na*: en+a (l. 5), *dos*: de+os (l. 7), *dunha*: de+unha (l.8).

3.

- a *miña* cama (l. 2): posuidora *eu*, posuído *a cama*.
- a *súa* gorida (l. 2): posuidora *ela*, posuída *a gorida*.
- o *meu* cuarto (l. 4): posuidora *eu*, posuído *o cuarto*.
- a *súa* descubridora (l. 8): posuidora *ela*, posuída *a descubridora*.
- o *seu* nome (l. 9): posuidora *ela*, posuído *o nome*.
- o *meu* nome (l. 9): posuidora *eu*, posuído *o nome*.

4.

3 – tres, terceiro-a

7 – sete, sétimo-a

8 – oito, oitavo-a

15 – quince, décimo quinto-a

20 – vinte, vixésimo-a

21 – vinte e un-unha, vixésimo primeiro-a

11 – once, décimo primeiro-a / undécimo-a

39 – trinta e nove, trixésimo noveno-a

5.

- *Na feira merquei varios libros vellos.*
- *Non hai tantas cousas como pensabas.*
- *Accepta calquera regalo que che propoñan.*
- *Aconsellounos que cada neno fixese a súa cama.*
- *No verán hai demasiada xente na praia.*
- *Despois do accidente mercou outro coche.*

Páx. 74

5.

- *Uns* alumnos *dun* instituto asistiron a *unha* representación teatral.
- Nos arquivos están gardados *uns* documentos *dunha* época.
- *Uns* gardas prenderon *un* home por conducir bébedo.
- Collede *uns* libros e *uns* cadernos e vide para *unha* sala.
- *Unha* rapaza agachouse tras *dun* muro para que non a visen.

O cambio de significado que provoca esta substitución é que os substantivos que levan un artigo indeterminado non son coñecidos.

6.

Maior proximidade: Este libro de Jules Verne é meu. *Nestas* caixas meteremos *estes* vasos. Non me fío nada *desta* pontella.

Certo afastamento: *Nese* escenario non imos caber. Lévame falado moito *desa* amiga súa. Cando anda con *esas* ocupacións non fala con ninguén.

Maior afastamento: Tráeme o martelo, que está *naquela* gabeta. *Aqueles* amorodos si que eran saborosos. Non lembro nada *daqueles* días.

7. Actividade de resposta aberta. Entre as varias posibilidades de uso dos posesivos presentamos a seguinte:

- O *meu* can sempre me recibe abaneando as orellas.
- Trouxen *os teus* pinceis para rematarmos a pancarta.
- Se vés *á miña* casa, déixoche *o meu* teclado.
- As xogadoras *do noso* equipo celebraron a vitoria.
- O coche de *miña* nai ten sete prazas.

Páx. 75

2. Actividade de resposta aberta. Entre as variadas opcións de uso das contraccións de preposición con artigo determinado presentamos as seguintes:

- Eses libros son *do* teu amigo Raúl.
- Se queredes, o churrasco podedes comelo *coas* mans.
- *No* Courel viven as últimas pitas do monte.
- Fun *ao* despacho da directora.
- Viñeron *pola* estrada de Domaio.
- O autobús sae *ás* nove da mañá.
- Fun ao cine *coa* miña irmá.

3.

- Os fideos están *naqueles* botes de alá.
- *Daquilo* que che contei non digas nada.
- Estes discos son *dese* rapaz do xersei amarelo.
- *Diso* non quero saber nada!
- *Nesta* ocasión no gañastes, outra vez será.

Páx. 77

3.

ARTIGOS		DEMOSTRATIVOS	POSESIVOS	INDEFINIDOS
DETERMINADOS	INDETERMINADOS			
da (l. 2) ao (l. 3) a (l. 4) á (l. 5) os (l. 7) a (l. 8) no (l. 10)	un (l. 4) nun (l. 5) dun (l. 6) cun (l. 12)	desta (l. 7) esta (l. 9)	súa (l. 2)	outra (l. 10) nalgún (l. 3)